

I CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL

O departamento de Cultura do Concello de Vedra propón o seu I concurso de tarxetas de Nadal 2015.

BASES DO CONCURSO:

CONCURSANTES:

Poderán participar todos os nenos e nenas da comunidade educativa de Vedra e tamén todos os nenos e nenas empadroados neste concello nas idades comprendidas neste concurso.

*Cada concursante só poderá participar cunha tarxeta.

* Cada tarxeta deberá ter un único creador ou creadora.

CONDICIÓNS:

As tarxetas serán realizadas nunhas dimensións de 15 x 21 cm. (Din A5 / medio folio) e coa única temática do Nadal (entendida libremente por cada unha das persoas participantes)

As mesmas deberán ser inéditas e reflectir unicamente a creatividade do autor ou autora.

No reverso deberán figurar os seguintes datos:

* nome, apelidos, idade, centro escolar e teléfono de contacto.

E ademais cuberta e asinada a seguinte autorización:

Don/Dona. _____
con DNI _____, como pai/nai ou titor/ra da persoa participante,
autorizo a que participe no I Concurso de Tarxetas de Nadal 2015 segundo as
bases do dito concurso co cal estou conforme.

CATEGORÍAS E PREMIOS:

- Categoría PREESCOLAR (persoas nadas despois do 2011)
- Categoría INFANTÍL ESCOLAR (persoas nadas en 2010 - 2011)
- Categoría 1º E 2º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2008-2009)
- Categoría 3º E 4º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2007- 2006)
- Categoría 5º E 6º DE PRIMARIA (persoas nadas en 2005 - 2004)

PREMIOS:

* Habará un premio ao mellor traballo de cada categoría.

* De entre todos os traballos recibidos un xurado elixirá a que se empregará como felicitación oficial do concello de Vedra no Nadal de 2015.

*Todos os traballos recibidos serán expostos na Casa das Artes de Vedra “Chousa do Cotiño” durante a súa programación de Nadal.

PRAZO DE ENTREGA:

As tarxetas deberán presentarse no departamento de cultura do concello de Vedra
ANTES DO 10 DE NOVEMBRO

*Os traballos poden presentarse ben en persoa en horario de luns a venres de 9.30 a 14 h, ou no seguinte enderezo postal:

Concello de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 1
15885 Vedra
A Coruña

ACEPTACIÓN DAS BASES:

O concello de Vedra resérvase o dereito de resolver, como considere oportuno, cantas cuestións poidan xurdir da aplicación das presentes bases.

As persoas participantes, polo feito de selo aceptan as presentes bases.

TODA A INFORMACIÓN E BASES Á TÚA DISPOSICIÓN:

No departamento de cultura do concello de Vedra

Tlf: 981 814 691 /cultura@concellodevedra.com | www.concellodevedra.com